



III TROFEO NATACIÓN DE BASE "C.D.S.C.A. MONTÓN" TROFEO CONCELLO DE FERROL

1.-ORGANIZACIÓN, DATA, SEDE

1. Trofeo está organizado polo Club Marina Ferrol en colaboración co Concello de Ferrol e Centro Social O Montón (Armada Española)
2. O trofeo celebrárase na piscina do Centro Deportivo e Socio-Cultural de Oficiais de Ferrol "El Montón", Rúa Montón, Caranza 15406 Ferrol, (6 pistas de 25 metros, descuberta).
3. O día **7 de xullo de 2018** en dúas sesións, sesión de mañá ás 11:00 h e sesión de tarde ás 17:00 h.
4. A piscina estará a disposición dos equipos participantes unha hora e media antes do inicio de cada sesión, ata 10 minutos antes do comenzo das probas de cada sesión.

2.-CATEGORÍAS

Categoría A.- Promesa, nados no 2009 e posteriores masculino e feminino.

Categoría B.- Benxamín, nados no 2006-07-08 masculino, e 2007-08 feminino.

Categoría C.- Alevín, nados no 2004-05 masculino e 2005-06 feminino.

3.-XORNADA E PROBAS

O Trofeo desenvolverase nunha xornada, con dúas sesións.

Sesión mañá (11:00 horas)	Sesión Tarde (17:00 horas)
1. 100 m bolboreta mas C	14. 100.m braza mas C
2. 100 m bolboreta fem C	15. 100 m braza fem C
3. 50 m bolboreta mas B	16. 50 m braza mas B
4. 50 m bolboreta fem B	17. 50 m braza fem B
5. 25 m bolboreta mas A	18. 25 m braza mas A
6. 25 m bolboreta fem A	19. 25 m braza fem A
7. 100 m costas mas C	20. 100 m libre mas C
8. 100 m costas fem C	21. 100 m libre fem C
9. 50 m costas mas B	22. 50 m libre mas B
10. 50 m costas fem B	23. 50 m libre fem B
11. 25 m costas mas A	24. 25 m libre mas A
12. 25 m costas fem A	25. 25 m libre fem A
13. 6 x 50 m libre mixto (A+B+C)	26. 8 x 25 m estilos mixto (A+B+C+¿?)

4.-PARTICIPACIÓN

- A participación está aberta a todos aqueles nadadores e nadadoras das categorías sinaladas no punto 2 con licenza federativa en vigor e pertencientes á Federación Galega de Natación.
- Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais e nunha proba de remudas.
- **Límite máximo de 30 nadadores por club**, (salvo petición do clube para engadir máis nadadores)
- Cada club poderá presentar un só equipo de remuda por sesión. A remuda estarán compostos polas 3 categorías e sexo, sendo a orden neno-nena. No 8 x 25 será igual, repetindo os nadadores como conveña a cada clube. (Ex.-C+C+A+A+B+B+¿+¿)
- Club Marina Ferrol resérvase o dereito a inscribir nadadores do seu clube fora de concurso.

5.-FÓRMULA DE COMPETICIÓN

Desenvolverase polo sistema de series contra o reloxo e cronometraxe manual.

As baixas comunicaranse 45 minutos antes do inicio de cada sesión.

As fichas de remudas entregaranse cubertas na mesa da secretaría antes do comezo de cada sesión.



6.-INSCRICIÓN

Os clubs deben confirmar a súa participación no Trofeo antes do **lúns, 25 de xuño**, indicando número aproximado de nadadores que participaran, ou relación de participantes para a reserva.

Realízase a inscrición por orden cronolóxico de recepción de reservas.

As inscricións, realizaranse a traveso do programa XESDE da Federación Galega de Natación, unha vez realizadas, enviarase a acta de inscrición ou PDF que xera o programa, antes do luns **2 de xullo ás 12:00 h**, o seguinte correo electrónico: clubmarinaferrol@gmail.com

Non se admitirán inscricións fóra de prazo nin cambios nos tempos enviados.

Non se permitirán nin altas nin substitucións o día da competición.

A comida para todos os clubs, vai incluída coa inscrición; cun precio de 10,00 €, por persoa; os clubs que non queden a comer deben abonar 2,00 € pola inscrición de cada nadador.

7.-PUNTUACIÓN

Puntuarán dous nadadores por clube e proba;

Puntuarán os 12 primeiros clasificados, 1º 15 puntos, 2º 12, 3º 10, 4º 9, 5º 8, etc. ata outorgar 1 punto ao 12º clasificado.

A puntuación das remudas será o dobre das probas individuais. 1º. 30 puntos., 2º 24, 3º 20, 4º 18, 5º 16, etc.

8.-PREMIOS e CLASIFICACIÓN

Entregaranse medallas aos tres primeiros/as nadadores/as clasificados/as por proba e categoría.

Faranse clasificacións masculina, feminina e total.

Entregarase Trofeo aos tres primeiros clubs da clasificación total.

O Club clasificado en PRIMEIRO lugar será proclamado CAMPIÓN do III TROFEO DE NATACIÓN DE BASE CDSCA MONTÓN-TROFEO CONCELLO DE FERROL

9.-INFORMACIÓN

Para calquera información, poñerse en contacto coa Organización:

Tfn. 981 355076 (De 18 a 20 horas)

Correo electrónico: clubmarinaferrol@gmail.com

Pedro Prieto (Secretaría Técnica) móbil 620832121

10.-NOTAS

Se algunha serie quedase incompleta, o club organizador resérvase o dereito de incluír nadadores do mesmo fóra de concurso para completar ditas series.

A entidade organizadora tomará as decisións oportunas nos puntos que non aparezan reflectidos na presente normativa, e/ou cuxa interpretación sexa dubidosa.

A COMIDA PARA TODOS OS CLUBES, VAI INCLUIDA COA INSCRIPCIÓN; CUN PRECIO DE 10,00 € por persoa; para os clubs que non queden a comer deben abonar 2,00 € pola inscrición de cada nadador.

Ferrol, xuño de 2018